

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
O DÍA 20/11/2023  
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

**PRESIDENTE**

ALBERTO VARELA PAZ

**CONCELLEIROS/AS**

Lista de asistentes

LUZ MARIA ABALO PÉREZ  
LINO MOURIÑO SANTIAGO  
TANIA GARCÍA SANMARTÍN  
SONIA OUTÓN CASAL  
DIEGO GARCIA SANTIAGO  
CARLOS COIRA LOJO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 20/11/2023 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos/as concelleiros/as indicados/as, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

Lista de non asistentes

PAOLA MARIA MOCHALES

**SECRETARIA**

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 13-nov-2023, que se aprobou por unanimidade.

**INTERVENTORA**

GUILLERMO BUCETA GAMALLO

**RÉXIME INTERIOR**

**PRP2023/4238**

Vista a proposta do Servizo de Alumeado Público e Mantemento, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Instalaciones Ecovila, S.L., para a instalación de sistema de aire acondicionado, para a Casa de Cultura do Piñeiriño, por un importe total de 6.422,68€ (IVE incluído), con cargo á partida 334.62300.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2023/4240**

Vista a proposta do Servizo de Alumeado Público e Mantemento, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Idelnor Proyectos, Gestión y Servicios, S.L., para a suministro de 10 balizas de alumeado público para a zona da Alameda, por un importe total de 7.865,00€ (IVE incluído), con cargo á partida 165-633..

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2023/4241**

Dáse conta da Resolución da Consellería de Infraestruturas e mobilidade de autorización nas

zonas de dominio público e/ou de protección da estrada PO-546, para sinalización dunha praza de aparcamento para personas con discapacidade na Avda de Vilanova nº82.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda que se proceda á sinalización da citada praza de aparcamento, solicitada por D. Francisco Javier García López.

Dar conta do acordo ao interesadao e ao Servizo Municipal de Obras (Álvaro).

#### **PRP2023/4154**

Vista a proposta do Director Deportivo da Fundación de Deportes a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a fixación do prezo público para a participación na proba popular, Media Maratón Concello de Vilagarcía, cunha cota de inscrición de 15,00€, se o fan antes do 17 de novembro e de 20,00€ se a inscrición se fai entre o 18 e o 22 de novembro.

#### **PRP2023/4220**

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a compra de tres ordenadores portátiles con maletín á empresa Ozona Consulting, S.L. por un prezo de 2.711,61€ iva incluído, con cargo á partida 9201-216, de conformidade coa oferta presentada.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2023/4221**

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a compra de doce CPU's destinadas ás oficinas municipais á empresa Ozona Consulting, S.L. por un prezo de 10.236,60€ iva incluído, con cargo á partida 9201-216, de conformidade coa oferta presentada.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2023/4223**

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a compra de seis Clientes Lixeiros (Thin Client) á empresa Ozona Consulting, S.L. por un prezo de 1.938,42€ iva incluído, con cargo á partida 9201-216, de conformidade coa oferta presentada.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2023/4242**

Dáse conta do informe de Urbaser en relación a vertido na rede de Alcantarillado na Rúa Arapiles, sinalando no mesmo que realizada inspección se detectaron múltiples manchas na superficie dun dos sumidoiros da rúa Arapiles, concretamente o ubicado fronte ao Restaurante Casa Rocío.

Resultando verosímil que ditas manchas poidan teñer a súa orixe nun vertido de aceite vexetal, procedente da actividade productiva de algún negocio de hostalería cercano, que en principio, parecen proceder do Restaurante Casa Rocío..

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda requirir ao Restaurante Casa Rocío para que

presente alegacións no prazo de 10 días, en relación cos feitos citados, se o considera conveniente. En caso contrario iniciárase procedemento sancionador.

### **PRP2023/4243**

Vista a proposta da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a convalidación do gasto para a Publicación do número 10 da Revista poética Anaco, con cargo á partida 926.2260201, coa seguinte desagregación e adxudicatarios:

- Carlos Crespo Gómez (Dito & Feito): Deseño e maquetación, por importe de 211,75€ (IVE incluído).

- Artes Gráficas Anduriña: Impresión 500 exemplares, por importe de 1.419,60€ (IVE incluído).

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2023/4256**

Dáse conta da proposta de convenio a asinar entre Don Jesús Gil Ferro e o Concello de Vilagarcía de Arousa para a cesión dunha superficie de 15,16 m<sup>2</sup> de parcela situada na Rúa Wenceslao Fernández nº 9 O Piñeiriño (REf. catastral 36060A031002760000GT), coa finalidade de proceder a dar cumprimento ás previsións do PXOM coa ampliación e mellora do vial existente na rúa Wenceslao Fernández que da fronte á citada parcela.

O Concello de Vilagarcía comprométese á delimitación da parcela resultante tras a cesión gratuíta efectuada mediante o convenio. A delimitación realizarase de acordo coa normativa urbanística de aplicación, tendo en conta a cualificación do solo, coas seguintes consideracións:

- Como o camiño existente está mais alto que a parcela, se realizará un muro de contención.

- Na parte Sur da parcela, a construción dun muro de bloques similar ao existente ata 0,90 mts de altura e cunha malla metálica electrosoldada ou similar con postes metálicos enriba dos bloques ata os 2 mts de altura, deixando unha entrada á parcela similar á existente cun portal metálico e ampliando a rampa de baixada á parcela cunha pendente non superior existente.

- Na parte oeste da parcela, a realización dun peche perimetral de postes e malla metálica electrosoldada de unha altura de 2 metros nos metros que coincida co muro de contención.

- Acondicionamento da superficie aceptada polo Concello para incorporar ao camiño municipal.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar a sinatura do citado convenio e a aceptación da cesión de 15,16m<sup>2</sup>, así como os compromisos que figuran no mesmo.

Dar conta ao Negociado de Patrimonio (Narciso Boullosa Túdez).

### **PRP2023/4257**

Dáse conta da proposta de convenio a asinar entre Dona María Josefa Soto Santiago e o Concello de Vilagarcía de Arousa para a cesión dunha superficie de 6,30m<sup>2</sup> de parcela situada na Rúa Wenceslao Fernández nº9 O Piñeiriño (REf. catastral 36060A031002740001HA), coa finalidade de proceder a dar cumprimento ás previsións do PXOM coa ampliación e mellora do vial existente na rúa Wenceslao Fernández que da fronte á citada parcela.

O Concello de Vilagarcía comprométese á delimitación da parcela resultante tras a cesión gratuíta efectuada mediante o convenio. A delimitación realizarase de acordo coa normativa urbanística de aplicación, tendo en conta a cualificación do solo, coas seguintes consideracións:

- Realización dun peche perimetral ao longo da superficie cedida similar ao existente: muro cego de bloque recebado e pintado en branco ata 0,56mts, cunha balaustrada de pletina de aceiro de 5mm lacada en negro satinado de 0,59mts.

Recolocación da cancela peonil no novo peche, recolocación do portal da entrada rodada e unha nova rampa de acceso rodado cunha pendente máis suave á actual.

- Acondicionamento da superficie aceptada polo Concello de Vilagarcía de Arousa para incorporar ao camiño municipal.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar a sinatura do citado convenio e a aceptación da cesión de 6.30m<sup>2</sup>, así como os compromisos que figuran no mesmo.

Dar conta ao Negociado de Patrimonio (Narciso Boullosa Túdez).

## **BENESTAR SOCIAL**

### **BENESTAR SOCIAL**

#### **PRP2023/4245**

Dáse conta da resolución de 8 de novembro de 2023 da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica en relación á axuda económica para o funcionamento e gratuidade da atención educativa da escola infantil 0-3 de titularidade municipal ao abeiro da Orde do 10 de agosto de 2023, para o curso 2023-2024 (procedemento BS420D). As contías concedidas de acordo coas liñas de axuda e anualidades son:

LIÑA 1- mantemento- Total concedido: 72.000,00 euros, coa seguinte desagregación:

- Anualidade 2023: 26.181,82 euros

- Anualidade 2024: 45.818,18 euros

LIÑA 2- gratuidade atención educativa – Total concedido:94.648,15 euros, coa seguinte desagregación:

- Setembro- Decembro 2023: 34.525,57 euros

- Xaneiro- Xullo 2024: 60.122,58 euros

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2023/4246**

Dáse conta da resolución da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica pola que se modifica a concesión inicial da axuda económica para o funcionamento e gratuidade da atención educativa da escola infantil 0-3 de titularidade municipal ao abeiro da Orde do 10 de agosto de 2023, para o curso 2023-2024, que establece unha axuda complementaria pola gratuidade da atención educativa por importe de 1.514,64 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

## **EMPREGO**

#### **PRP2023/4144**

Dase conta da Resolución complementaria de concesión de subvención do Obradoiro de Emprego FORME 2022 polos incrementos do SMI no ano 2023.

Con data de 28/07/2022 a Consellería de Emprego e Igualdade concedeulle o Concello de Vilagarcía unha subvención para o custo do 100% do SMI e a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias e a totalidade das cotas á Seguridade Social, Fondo de Garantía Salarial e desemprego, previstos para os contratos dos alumnos/as traballadores/as do proxecto O.E.FORME 2022.

Esta nova Resolución determina o incremento da subvención concedida, en concepto de subvención dos gastos salariais e de cotización á SS dos alumnos/as traballadores/as en

20.508,44€.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2023/4204**

A Concellería de Promoción Económica porá en marcha unha nova edición da iniciativa de dinamización comercial e fomento do consumo no comercio local, BONOS SON DA CASA do ano 2023, consistente na emisión de bonos para o consumo nos negocios, establecementos comerciais e hostaleiros da cidade, contando co compromiso e colaboración de toda a cidadanía para a revitalización da actividade económica local.

Poranse á venda 3.750 paquetes de bonos por valor de 30€ c/u (10€+10€+5€+5€) dos que o usuario pagará 20€ e os outros 10€ correrán a cargo do Concello (3.750 x 10 = 37.500€).

O Concello de Vilagarcía aportará 37.500€ mediante a transferencia á conta bancaria (destinada exclusivamente a esta iniciativa) titularidade da Asociación de Comerciantes Zona Aberta, logo da sinatura dun convenio de colaboración entrambas as dúas entidades, dos cales 22.500 € imputaranse ao exercicio 2022 e 15.000 €, ao exercicio 2024.

A asistencia técnica a os establecementos adheridos e persoas adquirentes dos bonos, será precisa de novo. Dito servizo prestará atención personalizada ao cliente e axuda na compra os sete días da semana durante toda a campaña. Solicitado orzamento a Diego Alcaine Torres, NIF 35466795J, foi remitido por contía de 5.414,75€, IVE incluído. Tal como se indica no orzamento achegado, o importe total debe ser obxecto de retención do 15% en concepto de IRPF, polo que a cantidade a ingresar é de 4.743,50€, con cargo ao exercicio 2024.

Para activación da plataforma dixital de venda de bonos, solicitouse orzamento á empresa TONIC TIME S.L NIF B87667507, o cal se xunta a esta proposta e que ascende á cantidade de 2.420,00€, IVE incluído, con cargo ao exercicio 2024

Para gastos de publicidade e difusión da campaña estímase necesaria a cantidade de 2.000 Euros, con cargo ao exercicio 2024.

O custe TOTAL da presente edición ascendería a 47.334,75 €

A aportación municipal terá carácter prepagable, mediante transferencia á conta bancaria (destinada exclusivamente a esta iniciativa) titularidade da entidade colaboradora (Asociación de Comerciantes Zona Aberta), con cargo as partidas orzamentarias correspondentes.

A transferencia dos fondos, tal como recolle o convenio que se asinará entre as partes, levarase a cabo nos prazos e porcentaxes que se indican:

1º PAGO: Logo aprobación da sinatura do convenio pola XGL, á posta en marcha da iniciativa, procederase á transferencia de 22.500,00€, equivalentes ao 60% da cantidade total correspondente ao Concello.

2º PAGO: Xustificada pola Asociación de Comerciantes a transferencia aos establecementos adheridos da cantidade antedita, procederase a transferir por parte do Concello, a cantidade de 15.000,00€, equivalente ao 40% restante da aportación municipal.

O prazo para gastar os bonos desta edición, será dende o 1 de decembro de 2023 ata o 16 de xaneiro de 2024 ambos inclusive.

A solicitude de participación presentarase a través da Sede electrónica do Concello de Vilagarcía (sede.vilagarcia.gal) e a presentación de solicitude de adhesión implicará a aceptación e compromiso de cumprimento das bases reguladoras da iniciativa.

Co fin de levar a cabo a xestión da presente iniciativa e non contando o Concello cos medios materiais e humanos suficientes para o seu desenvolvemento, propónse a sinatura dun CONVENIO DE COLABORACIÓN coa ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES.

O Concello de Vilagarcía é beneficiario dunha axuda no marco da Orde ICT/949/2021 de 10 de

setembro, modificada pola orde ICT/565/2023 de 31 de xaneiro, no marco da convocatoria de liñas de axuda de apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles curtas de comercialización entre cuxas categorías de gasto inclúense gastos relativos a dinamización comercial, transformación dixital, posta en marcha de campañas de comunicación online para a praza de abastos e comercio local, etc.

A iniciativa BONOS SON DA CASA 2023, ten como finalidade é a dinamización e fomento do consumo nos establecementos comerciais de Vilagarcía; para a súa difusión levarase a cabo unha campaña de visibilización e comunicación online do comercio local e, para a adquisición e consumo dos bonos, será preciso utilizar unha plataforma dixital. Por tanto, as cantidades obxecto da presente proposta poderían ter carácter de cofinanciamento municipal aos efectos da subvención antedita.

Vista a propostada Concellería de Promoción económica, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar o desenvolvemento da iniciativa BONOS SON DA CASA do ano 2023 polo importe total de 47.334,75€, segundo a seguinte desagregación:

CONCEPTO	Partida orzamentaria	Exercicio 2023	Exercicio 2024
APORTACIÓN MUNICIPAL 3.750 PACKS DE BONOS	4311.470	22.500 €	15.000 €
PLATAFORMA DIXITAL . TONIC TIME	4311.22799	-	2.420,00 € IVE INCLUIDO
ASISTENCIA TÉCNICA COMERCIOS E CIADÁNS. DIEGO ALCAINE TORRES	4311.22799	-	5.414,75€ IVE INCLUIDO
MATERIAL PUBLICITARIO ((Estimación sobre a base do custo do material publicitario da campaña anterior)	4311.22602	-	2.000 € IVE INCLUIDO (estimados)
T O T A L		22.500 €	24.834,75 € IVE INCLUIDO

2.- Aprobar as bases da convocatoria BONOS SON DA CASA.

3.- Aprobar o Convenio asinado coa Asociación Zona Aberta nos termos que constan na copia que se acompaña.

4.- Autorizar a transferencia á conta bancaria habilitada para a xestión dos bonos, da cantidade de 22.500 €, correspondentes ao primeiro dos prazos establecidos na base Sexta do convenio de Colaboración.

## PRP2023/4228

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto relativo á montaxe, ambientación e dotación de seguridade para a "Aldea de Nadal 2023", que se situará na Praza da Independencia entre os días 22 de decembro de 2023 e 5 de xaneiro de 2024.

O orzamento total estímase en 22.076,65 EUROS IVE engadido, coa seguinte desagregación:

RAZÓN SOCIAL	CIF	CONCEPTO	PARTIDA	IMPORTE
SASEGUR SL	B 78976263	Servizo de Seguridade.	4311.22799	4.435,00 € IVE engadido con cargo ao exerc. 2024
O Piñeiro Garden & Home SL	B 36213460	Suministro material decoración.	4311.22610	6.113,65 € IVE engadido con cargo ao exerc. 2023
O Piñeiro Garden & Home SL	B 36213460	Aluguer elementos decorativos.	4311.203	5.808,00 € IVE engadido con cargo ao exerc. 2023

CASTROMAN SL	B 36406650	Suministro Extintores para as Casetas de Venda.	4311.22610	720,00 € IVE engadido con cargo ao exerc. 2023
-----	-----	Outro material funxible: Elementos Deco. interior, Expositores, Madeira, Tornillería, Cable, Arena...	4311.22610	5.000,00 € IVE engadido con cargo ao exerc. 2023
TOTAL				22.076,65 € IVE engadido

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2023/4248**

Vista a proposta da Directora do Obradoiro Dual de Emprego OE Labora Xove 2023, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Castroman, S.L. para compra de útiles e ferramentas necesarias para o desenvolvemento da parte práctica do Obradoiro, por un importe total de 1.113,28€ (IVE incluído), con cargo á partida 2412.22199.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS**

### **MERCADOS**

#### **PRP2023/4249**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Margarita Beatriz González Bertolo, solicitando o uso de nave-pavillón, para celebración do mercadillo ambulante cando as condicións meteorolóxicas non permitan a instalación do mesmo, ou devolución das taxas cando non se poidan instalar.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar á Sra. González Bertolo, que non se autoriza a celebración do mercadillo municipal en espazos pechados. Así mesmo indicar que neste Concello se considera causa xustificada a non asistencia ao mercadillo o non poder instalar os postos por condicións metereolóxicas adversas, polo que o Concello non anota o día de liquidación no control diario, cando existen causas xustificadas de non asistencia ao mercadillo como pode ser mal tempo ou por exemplo unha baixa por enfermidade.

#### **PRP2023/4250**

Dáse conta da solicitude de Don Sergio Soñora González, solicitando autorización e formalizar os trámites para adquirir en transferencia os postos nº 11 e 12, exteriores da Praza de Abastos de Vilagarcía de Arousa, dos que é concesionaria Dona Mercedes Bello Magán.

En base ao Regulamento das Prazas de Abastos de Vilagarcía, aprobado definitivamente en sesión plenaria de 26 de xaneiro de 2023, se pode solicitar as formalizacións de transferencias das concesións dos postos.

O proceso de transmisibilidade das concesións está preceptuado no Artigo 22 do Regulamento das Prazas de Abastos. A transferencia será polos anos que queden de vixencia da concesión.

No seu punto 3) de que cando se realice o traspaso o Concello terá dereito a percibir o 20% do prezo no que se fixe a transmisión, cun mínimo equivalente o 10% do prezo fixado na derradeira

transmisión do posto, actualizado co IPC. Ambas partes acreditan en documento firmado a cantidade acordada pola transmisión, (9.000 € polos dous postos).

A efectos de evitar especulación cos postos o Concello poderá solicitar informe técnico aos efectos de determinar se o prezo pactado entre ambas partes é acorde cos prezos medios do mercado no Concello.

No punto 4) di que a transmisión da concesión solicitarase a instancia de parte, mediante solicitude escrita do interesado á Xunta de Goberno Local.

Logo da comunicación efectuada polo interesado, se procederá á apertura dun período de información pública por prazo de 15 días, a efectos de que os posibles interesados na transmisión formulen as súas ofertas.

Finalizado o prazo de exposición pública, o/a Xefe/a de Mercados emitirá un informe que será elevado xunto co expediente completo á Xunta de Goberno Local , quen deberá decidir da procedencia ou non da transmisión de dos termos da mesma.

No suposto de acordar a Xunta de Goberno Local a conformidade do traspaso, realizarase polo/a transmitente e beneficiario/a unha comparecencia ante o/a responsable do mercado, ratificándose na correspondente proposta da liquidación da taxa que proceda.

Polo tanto o segundo paso sería a apertura dun período de información pública desta solicitude por prazo de 15 días.

Visto o informe do Xefe de Mercados a Xunta de goberno Local acorda a apertura dun período de información pública por prazo de 15 días a través da sede electrónica municipal (sede.vilagarca.gal), a efectos de que os posibles interesados na transmisión formulen as súas ofertas.

## **SANIDADE**

### **PRP2023/4213**

Vista a proposta da Concellería de Cemiterios, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Castroman I, S.L., para o subministro de diversas ferramentas e utensilios para o servizo de Cemiterios, para reposición por deterioro, por un importe total de 1.476,50€, IVE incluído, con cargo á partida 164.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

### **XUVENTUDE**

#### **PRP2023/4148**

Vista a proposta da Concellería de Xuventude en relación co desenvolvemento do evento Vilagarcía Cidade de Libro 2023, a Xunta de Goberno Local acorda convalidar o gasto e o recoñecemento de obriga da facturafactura, a nº A 2301089, con data 25-08-2023 emitida por DECOPLAC AROSA S.L (CIF: ES804956025) por importe de 184,04 € (ive engadido) correspondente a adquisición de pintura destinada á realización de estrutura de madeira tipo pérgola destinada á zona expositiva do evento Vilagarcía Cidade de Libro 2023., con cargo á partida 2314.22699.

## **POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE**

## **MULLER E PERSOAS MAIORES**

### **PRP2023/4116**

Mediante Resolución de transferencias, do 17 de xullo de 2023, da Secretaría de Estado de Igualdade foron transferidos os fondos asignados aos Concellos para o exercicio 2023 (BOE 20 de xullo de 2023). Esta resolución recolle a contía correspondente a cada Concello, sinalando que ao Concello de Vilagarcía lle corresponde a cantidade de 24.288,28 ?€.

A competencia no Concello de Vilagarcía de Arousa, en relación aos programas e proxectos en materia de igualdade e violencia, obxecto destes fondos, corresponde á Área de Igualdade-CIM.

A Resolución sinala que as accións con cargo a estes fondos terán que ser executadas entre o 1 de xullo de 2023 e o 30 de xuño de 2024 e xustificadas na data límite de 30 de setembro de 2024. O 25N conmemorase o Día Internacional contra a Violencia de Xénero, esta é unha data significativa a nivel mundial para reivindicar e reflexionar acerca das violencia que as mulleres están a sufrir polo feito de ser mulleres.

A Área de Igualdade vai desenvolver diferentes accións encamiñadas á loita contra a violencia machista que terán lugar nas datas próximas ao 25 N, entre estas accións está a reedición da Campaña Vilagarcía en negro.

Para esta campaña vanse a elaborar materiais con contidos novos para colocar tanto no autobús como nas marquesinas do buses.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por UQUI CEBRA SL para a adaptación e deseño de materiais para bus e marquesiñas, por un importe total de 1.149,50 € (IVE incluído), con cargo á partida 2312.22602.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2023/4218**

Vista a proposta da Area de Igualdade-CIM en relación coa celebración do Día do Orgullo LGTBI 2023, os días 28, 29 e 30 de xuño de 2023, a Xunta de Goberno Local acorda convalidar o gasto e o recoñecemento de obriga da factura número 1230567901 da Sociedad General de Autores y Editores, por importe de 128,24 €, con cargo á partida 2312.22610 correspondente aos dereitos de autor da proxección do ciclo de cine a cargo de Cine Club ADEGA.

## **CULTURA**

### **PRP2023/4212**

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Teleservicio Instalaciones de Oficina SL, para o subministro dunha cadeira con brazos regulables para a entrada do Salón García, por un importe total de 247,20 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.215.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2023/4222**

O tempo de Nadal é propicio para o desenvolvemento de actividades que faciliten a conciliación

da vida familiar e favorezan a calidade do tempo de lecer da infancia e da mocidade.

A demanda por parte da cidadanía, de actividades que favorezan a conciliación e o desfrute en familia do tempo libre, ven crescendo nos últimos anos, de xeito que as Concellerías de Promoción Económica, Cultura e Xuventude veñen desenvolvendo dende hai varios anos eventos durante o tempo de Nadal, que contribúen a consecución deste obxectivo.

Con esta finalidade, as Concellerías de Cultura, Promoción Económica e Xuventude entenden que se debe levar a cabo a planificación e desenvolvemento das actividades lúdicas de Nadal, poñendo en marcha o FEXTURRÓN NADAL 2023-2024 no recinto FEXDEGA e que se levaría a cabo dende o día 26 de novembro de 2022 ata o día 8 de xaneiro de 2023, ambos inclusive, nas instalacións municipais de Fexdega.

Dado que o Concello carece de recursos materiais e humanos para levar a cabo o desenvolvemento desta actividade, acordouse solicitar orzamento a varias empresas.

Ademais, en cumprimento do establecido no artigo 118 da lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector público, o procedemento pode ser tramitado como expediente de contratación de contrato menor. (tal e coma ven recollido no artigo 118 da LCSP)

Así mesmo, en cumprimento do devandito artigo, en relación co devandito dictamen da Junta Consultiva de Contratación pública do estado, infórmase que no presente procedemento, non se está a alterar o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento por un importe total de de 25.573,35 € (ive engadido), coa seguinte desagregación:

Empresa	concepto	Partida	Total gasto
Baygar S.L	Aluger andamio. Montaje/desmontaxe. Plan de montaje, certificación de instalación e portes de ida e volta	2314.22610	7.424,56 € (ive do 21% engadido) 6.882,48 € con cargo ao orzamento de 2023 542,08 € con cargo ao orzamento de 2024
C&C Camarero & Cubo Ocio S.L.	Facturación en concepto de planificación, loxística, coordinación,execución e xestión do proxecto do periodo do 2 de decembro de 2023 ao 5 de xaneiro de 2024	2314.22610	18.148,79 € € (ive do 21% engadido) 9.075 € con cargo ao orzamento de 2023 - Plan Concellos Liña 2 9.073,79 € con cargo ao orzamento de 2024.

Asumindo a empresa adxudataria C&C Camarero & Cubo Ocio S.L.as obrigas especificadas na proposta presentada e principalmente:

- Asumindo ao seu exclusivo cargo e terán concertado na data de inicio da actividade unha póliza de seguro de accidentes e responsabilidade civil, quedando o Concello exonerado de calquera responsabilidade por este concepto.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2023/4224**

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto correspondente á representación do espectáculo CIRCO MÁXICO DE NADAL, por un importe total de 14.520,00€ (IVE incluído) e a súa adxudicación á entidade LA FIESTA ESCÉNICA S.L.U., de conformidade ao orzamento presentado, con cargo á partida 334.22609.

Esta actividade será financiada con cargo ao PLAN CONCELLOS 2023 (LIÑA 2) dada a

modificación de destino, da que se deu conta á Xunta de Goberno Local de data 13 de novembro de 2023.

Deberá terse en conta, que será a cargo do Concello de Vilagarcía de Arousa, calquera tipo de taxa, imposto ou Sociedad General de Autores e Editores (SGAE) que poidese corresponder por dita actuación.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2023/4225**

Dáse conta de proposta da Concellería de Cultura en relación coa actividade de "Prendido de Luces de Nadal 2023", na que indica que para que este evento resulte máis atractivo para o público, sobre todo para o público infantil, ten previsto realizar a chegada de PAPÁ NOEL a Vilagarcía que coincide co prendido de luces o día 1 de decembro, complementada con distintas actividades para animar ao público familiar.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento, por un importe total de 14. 234,17 € (IVE incluído), con cargo á partida 338.22609, coa seguinte desagregación:

PROVEDOR	C.I.F.	CONCEPTO	BASE	IVE	IMPORTE
CRISTINA DURAN RECUNA	35476266P	Organización e produción PRENDIDO DE LUCES (aluguer carroza, maquillaxe, aluguer walkies, presentador, personaxe animado, rexidor, produción e intérprete de signos	3.720,00	781,20	4.501,20 €
TROULA ANIMACIÓN SL	B3694069	Pasarrúas A Luz do Camiño concerto Uxía lambona e a Banda Molona	5.150,00	1.081,50	6.231,50 €
GLOBAL SETUP SL	B94119104	Luces e son concerto	2.893,78	607,69	3.501,47 €

Esta actividade será financiada con cargo ao PLAN CONCELLOS 2023 (LIÑA 2) dada a modificación de destino, da que se deu conta á Xunta de Goberno Local de data 13 de novembro de 2023.

Deberá terse en conta, que será a cargo do Concello de Vilagarcía de Arousa, calquera tipo de taxa, imposto ou Sociedad General de Autores e Editores (SGAE) que poidese corresponder por dita actuación.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2023/4226**

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a sinatura dun Convenio para a concesión dunha subvención á Asociación Cine Clube Adegas, por importe de 4.000,00 €, con cargo á partida 334.489, que ten por obxecto a colaboración coa Programación Regular e a tradicional Semana de Cine 2023 mediante 4 proxeccións no Salón García, unha na Praia Compostela e outra no Xardín Enrique Valdés, tres actuacións musicais que compaña dúas proxeccións e unha mostra de cinema para nenos nas rúas da cidade.

## **CONTRATACIÓN**

### PRP2023/4093

Dáse conta de acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra de aprobación da modificación do proxecto "Humanización da Rúa Arcebispo Lago", redactado polo Arquitecto D. Mariano Vázquez Iglesias, para o que se concedera pola Deputación unha subvención por importe de 100.000 €, ao abeiro das Bases reguladoras da convocatoria publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 37, de 24 de febreiro de 2021.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### PRP2023/4125

Dáse conta do expediente de contratación CT 111/2021-e tramitado mediante Procedemento Aberto Simplificado, tramitación ordinaria e licitación electrónica, para adxudicar as obras incluídas no proxecto denominado "Humanización da Rúa Aquilino Iglesia Alvariño", cofinanciado pola Deputación Provincial de Pontevedra con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022/2023, cun orzamento de licitación de 147.731,55 € (sen IVE) e de 178.755,18 € (IVE incluído), e dos licitadores presentados, seguintes:

NIF: A36008886 CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)

NIF: B36024933 CONSTRUCCIONES VALE, S.L.

NIF: B94101946 GALSUR PROYECTOS Y OBRAS, S.L.U

NIF: A15050958 MONCOSA OHS, S.A.

NIF: B36130649 MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.

NIF: B36533537 MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.

NIF: B70538459 NOVAVIAL S.L

As ofertas presentadas polos licitadores son as seguintes:

LICITADOR	Oferta económica sen IVE	MELLORA: aumento do prazo de garantía	MELLORA da documentación técnica a presentar una vez finalizada a execución	MELLORA: redución do prazo de execución
CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	147.731,55€	2 anos	Sí	2 semanas
CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	141.068,86€	2 anos	Sí	2 meses
GALSUR PROYECTOS Y OBRAS, S.L.U.	141.083,63 €	2 anos	Sí	2 meses
MONCOSA OHS, S.A.	143.742,80€	2 anos	Sí	2 meses
MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	141.054,00€	2 anos	Sí	2 meses
MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	140.714,30€	2 anos	Sí	2 meses
NOVAVIAL S.L	145101,93€	2 anos	Sí	2 meses

De acordo con os cálculos realizados polo arquitecto municipal, resulta que catro das ofertas presentan valores anormais ou desproporcionados, de conformidade co establecido na cláusula 12.2 dos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares que rexen a licitación. Así, a oferta das mercantil CONSTRUCCIÓN VALE, S.L. é un 1,30% inferior á media aritmética das ofertas presentadas; a de GALSUR PROXECTOS E OBRAS, S.L.U., un -1,29 %; a de MONTAXES JM IGLESIAS, S.L., un -1,31% e a da empresa MOVIMIENTO DE ARIDOS E CONSTRUCCIÓN DE AROUSA, S.L. é un 1,55% inferior á media das ofertas presentadas.

De conformidade co informe técnico do Arquitecto Municipal, e en base ao contido do mesmo, a mesa de contratación propón ao órgano de contratación a desestimación da xustificación presentada polas empresas MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., GALSUR PROYECTOS Y OBRAS, S.L.U., MONTAJES JM IGLESIAS, S.L. y CONSTRUCCIONES

VALE, S.L. e a súa consecuente exclusión na clasificación das ofertas.

A mesa de contratación, en aplicación dos criterios de valoración e adxudicación previstos no PCAP, acorda asignar ás ofertas admitidas a seguinte puntuación:

LICITADOR	Oferta económica sen IVE	Puntuación oferta económica	Puntuación mellora: aumento do prazo garantía	Puntuación mellora: redución do prazo execución	Puntuación mellora da documentación técnica a presentar unha vez finalizada a execución	TOTAL PUNTOS
MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	140.714,30€	20,00	20,00	40,00	20,00	100,00 (Proposto para exclusión)
MONTAJES IGLESIAS,S.L. J.M.	141.054,00€	19,03	20,00	40,00	20,00	99,03 (Proposto para exclusión)
CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	141.068,86€	18,99	20,00	40,00	20,00	98,99 (Proposto para exclusión)
GALSUR PROYECTOS Y OBRAS, S.L.U.	141.083,63€	18,95	20,00	40,00	20,00	98,95 (Proposto para exclusión)
MONCOSA OHS, S.A.	143.742,80€	11,37	20,00	40,00	20,00	91,37 (Proposto para adxudicación)
NOVAVAL S.L	145.101,93€	7,49	20,00	40,00	20,00	87,49
CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	147.731,55€	00,00	20,00	00,00	20,00	40,00

De acordo á avaliación das propostas achegadas polos licitadores, a mesa conclúe a seguinte lista ordenada de maneira decrecente de puntuación de acordo ás puntuacións obtidas polos licitadores nas diferentes fases:

Orde: 1NIF: B36533537 MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.  
Proposto para a exclusión

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 100

Total puntuación: 100

Orde: 2NIF: B36130649 MONTAJES J.M. IGLESIAS,S.L. Proposto para a exclusión

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 99.03

Total puntuación: 99.03

Orde: 3NIF: B36024933 CONSTRUCCIONES VALE, S.L. Proposto para a exclusión

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 98.99

Total puntuación: 98.99

Orde: 4NIF: B94101946 GALSUR PROYECTOS Y OBRAS, S.L.U Proposto para a exclusión

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 98.95

Total puntuación: 98.95

Orde: 5NIF: A15050958 MONCOSA OHS, S.A. Propuesto para a adxudicación

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 91.37

Total puntuación: 91.37

Orde: 6NIF: B70538459 NOVAVAL S.L

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 87.49

Total puntuación: 87.49

Orde: 7NIF: A36008886 CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 40

Total puntuación: 40

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- A exclusión da licitación das empresas MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., GALSUR PROYECTOS Y OBRAS, S.L.U., MONTAJES JM IGLESIAS, S.L. y CONSTRUCCIONES VALE, S.L., de acordo co informe emitido polo arquitecto municipal sobre a baixa anormal ou desproporcionada na que incorrían as súas ofertas.

2.- A adxudicación do contrato de obra denominado “Humanización da Rúa Aquilino Iglesia Alvariño”, cofinanciadas pola Excm. Deputación Provincial de Pontevedra con cargo ao Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022/2023, cun orzamento de licitación 147.731,55 € € (sen IVE), 178.755,18€ (con IVE), á empresa con CIF: A15050958 MONCOSA OHS, S.A. de conformidade coa súa oferta, por ser esta a oferta con mellor relación calidade-prezo, en aplicación dos criterios de valoración e adxudicación que rexen a licitación, con cargo á aplicación orzamentaria 1530.61900.

A oferta do licitador é a seguinte:

- Prezo ofertado: 143.742,80 € (sen IVE), ao que corresponde un IVE (21%) de 30.185,99€, o que totaliza un importe de 173.928,79 € (IVE incluído)

- Melloras:

- Mellora: aumento do prazo de garantía.
- Mellora: redución do prazo de execución.
- Mellora da documentación técnica a presentar tras a execución dos traballos.

No caso de non levarse a cabo a cesión dos terreos na súa totalidade quedará ese tramo de rúa sen realizar as obras correspondentes.

Acórdase comunicar á empresa adxudicataria MONCOSA OHS SA que deberá proceder ao aboamento a Dona Raquel García Carregal dos danos causados no seu vehículo debido á deficiente sinalización dunhas obras realizadas na Avda. Doutor Tourón, tal e como se lle indicaba no acordo de Xunta de Goberno Local de data 27 de marzo de 2023. En caso contrario se deducirá o importe das certificacións de obra.

### **PRP2023/4145**

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 30 de xaneiro de 2023, aprobou o proxecto denominado “Ampliación da rede de saneamento en tramo da rúa Loureiro da Galufa (Cornazo)”, redactado polo enxeñeiro industrial Miguel Ángel Fariñas Martín, cun importe de licitación (IVE engadido) de 23.945,83€.

Tendo en conta que a rúa Loureiro da Galufa (Cornazo) é un vial sen saída e con pendente negativa sobre o colector principal de saneamento existente, no que un tramo carece do servizo municipal básico de rede de saneamento, cómpre levar a cabo as obras necesarias para a ampliación deste servizo, tal e como recolle o documento técnico de referencia.

De xeito xeral, as obras a realizar consisten en:

- Demolición de pavimento asfáltico.
- Escavación de gabias, carga e transporte de terras.
- Instalación de redes de impulsión de PEAD Ø63 mm. PN 10 ata a Rede Xeral de

Saneamento, incluso arqueta no límite da propiedade.

- Recheo de gabias con terras de préstamo e 20 cm. con base saburra segundo PG-3.
- Pavimentación do vial con M.B.C. D-12 (AC16 Surf 50/70 D) de espesor 6 cm., previo rego de imprimación ECI (Emulsión Catiónica de Rotura intermedia) con dotación de 1,00 kg/m2.

De conformidade co proxecto, o orzamento ascende á cantidade de 23.945,83€ (IVE engadido).

Considérase un prazo de execución de 1 mes para a completa realización dos traballos.

Vista a necesidade xustificada, remitíronse invitacións solicitando orzamento ás seguintes empresas, expertas no ámbito de actuación: CONSCATIL S.L., EXCAVACIONES Y TRANSPORTES IVANCA S.L. e MONTAJES JM IGLESIAS, S.L.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a mercantil CONSCATIL S.L. non remitiu ningunha oferta. As outras dúas empresas presentaron as seguintes:

Licitador	Oferta (IVE excluído)	Oferta (IVE engadido)
EXCAVACIONES Y TRANSPORTES IVANCA S.L.	19.789,94 €	23.945,83 €
MONTAJES JM IGLESIAS, S.L.	19.600 €	23.716,00 €

Tendo isto en conta, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de obras de “Ampliación da rede de saneamento en tramo da rúa Loureiro da Galufa (Cornazo)”, á mercantil MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L. (B B36130649), por importe de 19.600€ (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 4.116,00€, o que totaliza un importe de adxudicación (IVE engadido) de 23.716,00€, con cargo á partida orzamentaria 160-61900.

2.- Nomear ao enxeñeiro técnico ao servizo do Concello de Vilagarcía de Arousa, don Óscar Álvarez González, como director de obra do investimento denominado CT 65/2022-e “Ampliación da rede de saneamento en tramo da rúa Loureiro da Galufa (Cornazo)”.

### **PRP2023/4208**

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda axudicar o contrato menor de servizos denominado Dirección de Obra do investimento denominado “Humanización da Rúa Aquilino Iglesias Alvariño”, á arquitecta D<sup>a</sup> Lucía Araujo Castiñeiras con NIF 35470189A, por un Importe de 3.400,00 € (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 714,00 €, o que totaliza un importe de adxudicación de 4.114,00 € (IVE engadido), segundo o orzamento presentado, con cargo á partida orzamentaria 150.640.

## **FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS**

### **PRP2023/4209**

Polo Departamento de Intervención detectouse a comisión dun erro de feito cometido na proposta relativa á a certificación de obra N<sup>o</sup> DOUS (2023/7380), derivada da execución do contrato de obras denominado "REPARACIÓN DE ESTRUCTURA, SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA, MELLORA DA ENVOLVENTE E ACONDICIONAMENTO INTERIOR DO PABELLÓN DE FONTECARMOA”

En consecuencia, a Xunta de Goberno Local acorda a corrección dos erros materias cometidos para a proposta de gasto co detalle que de seguido se relaciona:

Onde di:

De conformidade con la Operación “Incremento del empleo de energías renovables en los edificios públicos municipales” de la EDUSI Vilagarcía Avanza y en relación al contrato aprobado “Reparación de estructura, sustitución de cubiertas, mejora de envolvente y acondicionamiento

interior del Pabellón Polideportivo de Fontecarmoa”, tras la realización del trabajo y la comprobación del mismo por la Oficina Técnica Municipal, se propone la aprobación y Reconocimiento de la Obligación de la siguiente factura:

PROVEEDOR	FACTURA	IMPORTE	APLICACIÓN	OBRA/SUMINISTRO/SERVICIO
OBRAS GALLAECIA, S.L.	974 REG 2023/7389	38.595,54 €	342-63200 / D23-12089 (84,07% 32.448,29€) 1721-6290017 / D23-12089 (15,93% 6.147,25€)	Certificación nº 2 de la obra “Reparación de estructura, sustitución de cubierta, mejora de la envolvente y acondicionamiento interior del Pabellón de Fontecarmoa” R.E. 2023/7380
FINANCIACIÓN FONDOS FEDER: Línea de actuación Operación VLG_LA13_ENERGPUB, al Proyecto 2018_2_DUSI_6 y la aplicación presupuestaria 1721-6290017.				

Debe decir:

Visto o expediente integrado pola certificación de obra Nº DOUS (2023/7380), derivada da execución do contrato de obras denominado "REPARACIÓN DE ESTRUCTURA, SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA, MELLORA DA ENVOLVENTE E ACONDICIONAMENTO INTERIOR DO PABELLÓN DE FONTECARMOA", (xustificante de gasto con Nº de rexistro 2023/7389), dentro do proxecto de gasto con financiamento afectado 2021-2-PREST-12-1 por importe de 38.595,54€.

Visto que o expediente consta da conformidade técnica.

Vista a fiscalización previa favorable de Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obriga para a certificación de obra Nº DOUS (2023/7380), derivada da execución do contrato de obras denominado "REPARACIÓN DE ESTRUCTURA, SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA, MELLORA DA ENVOLVENTE E ACONDICIONAMENTO INTERIOR DO PABELLÓN DE FONTECARMOA", (xustificante de gasto con Nº de rexistro 2023/7389), dentro do proxecto de gasto con financiamento afectado 2021-2-PREST-12-1 por importe de 38.595,54€, co seguinte desagregación:

REX.	Nº de Doc.	Fecha Dto.	Importe	Nome	Texto Explicativo	Progr.	Econ.
7380	DOUS	09/10/2023	38.595,54€	OBRAS GALLAECIA S.L.	CERT. DOUS OBRA "PABELLÓN FONTECARMOA"	342	63200

### PRP2023/4237

Visto o expediente de gasto INT/2023/510 integrado pola relación de xustificantes F/2023/121 por importe de 20.569,67€.

Visto o informe de fiscalización previa limitada da Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2023/121, por importe de 20.569,67€ co seguinte desglose:

Nº Entrada	Nº Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Programa	Economica	Nombre	Texto Explicativo
A/2023/27	NA73J0000623	19/09/2023	-44,08	920	22200	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U	Rect. / Resumen por Servicio - Abono/Ref.Factura: 986511012 - Periodo regular de cuotas (01 Sep. a 30 Sep. 23) - Voz -
A/2023/28	NA73J0000616	19/09/2023	-44,08	920	22200	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U	Rect. / Resumen por Servicio - Abono/Ref.Factura: 986503202 - Periodo regular de cuotas (01 Sep. a 30 Sep. 23) - Voz -
A/2023/29	NA73J0000617	19/09/2023	-0,36	920	22200	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U	Rect. / Resumen por Servicio - Abono/Ref.Factura: 986512371 -

							Periodo regular de cuotas (01 Sep. a 30 Sep. 23) Periodo
A/2023/30	NA73J0000627	19/09/2023	-0,58	920	22200	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U	Rect. / Resumen por Servicio - Abono/Ref.Factura: 986501102 - Periodo regular de cuotas (01 Sep. a 30 Sep. 23) Periodo
A/2023/31	NA73J0000622	19/09/2023	-5,05	920	22200	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U	Rect. / Resumen por Servicio - Abono/Ref.Factura: 986500911 - Periodo regular de cuotas (01 Sep. a 30 Sep. 23) - Voz -
A/2023/32	NA73J0000618	19/09/2023	-0,58	920	22200	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U	Rect. / Resumen por Servicio - Abono/Ref.Factura: 986501109 - Periodo regular de cuotas (01 Sep. a 30 Sep. 23) Periodo
A/2023/33	NA73J0000626	19/09/2023	-44,08	920	22200	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U	Rect. / Resumen por Servicio - Abono/Ref.Factura: 986501214 - Periodo regular de cuotas (01 Sep. a 30 Sep. 23) - Voz -
A/2023/34	NA73J0000621	19/09/2023	-0,58	920	22200	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U	Rect. / Resumen por Servicio - Abono/Ref.Factura: 986512380 - Periodo regular de cuotas (01 Sep. a 30 Sep. 23) Periodo
A/2023/35	NA73J0000624	19/09/2023	-44,08	3262	22200	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U	Rect. / Resumen por Servicio - Abono/Ref.Factura: 986509593 - Periodo regular de cuotas (01 Sep. a 30 Sep. 23) - Voz -
A/2023/36	NA73J0000619	19/09/2023	-44,08	920	22200	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U	Rect. / Resumen por Servicio - Abono/Ref.Factura: 986505685 - Periodo regular de cuotas (01 Sep. a 30 Sep. 23) - Voz -
A/2023/37	NA73J0000625	19/09/2023	-44,08	920	22200	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U	Rect. / Resumen por Servicio - Abono/Ref.Factura: 986512226 - Periodo regular de cuotas (01 Sep. a 30 Sep. 23) - Voz -
A/2023/38	NA73J0000620	19/09/2023	-44,08	920	22200	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U	Rect. / Resumen por Servicio - Abono/Ref.Factura: 986509034 - Periodo regular de cuotas (01 Sep. a 30 Sep. 23) - Voz -
A/2023/39	R31000729101	01/10/2023	-28,99	920	22200	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S.A.U.	Rect. / 20211736 mambo de 09/08/23 a 31/08/23 / 986566176 llamadas a números 902 realizadas / 986566176 módulo negoc
A/2023/40	NA77U0000755	19/10/2023	-9,86	920	22200	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U	Rect. / Resumen por Servicio - Abono/Ref.Factura: 986502658 - Periodo regular de cuotas (01 Oct. a 31 Oct. 23) - Voz -
F/2023/5858	TA73I0050851	19/08/2023	94,40	920	22200	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U	Resumen por Servicio - Abono/Ref.Factura: 986508746 - Periodo regular de cuotas (01 Ago. a 31 Ago. 23) - Internet - Dire
F/2023/6226	28-I3M0-012535	01/09/2023	96,80	920	22200	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA, S.A.U.	Movistar - Tipo de contrato: Internet - N° de líneas: 2 - Lineas Facturadas: 660677762 660723751 - Periodo de Trafico: (
F/2023/6499	R31000725734	01/09/2023	91,92	920	22200	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S.A.U.	986566176 mambo / 986566176 llamadas a números 902 realizadas / 986566176 descuento 50% cota IP fixa / 986566176 módulo

F/2023/ 6500	R31000725735	01/09/ 2023	127,01	920	22200	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S.A.U.	20685371 plan internet 25GB / 986501227 mambo / 986501227 llamadas a fijo nacional / 986501227 llamadas a móviles /
F/2023/ 6501	R31000725733	01/09/ 2023	369,92	2311	22200	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S.A.U.	986507970 combo peme 4 líneas NOBA / 986185743 línea profesional / 986507970 llamadas a fijo nacional / 986507970 cham
F/2023/ 6502	R31000721149	01/09/ 2023	286,77	920	22200	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S.A.U.	20870364 cable 350 megas NOBA / 20870359 cable 350 megas NOBA / 20870361 cable 350 megas NOBA
